



Praza Agustín Díaz, 1 local 5
Complexo Deportivo Elviña
15008 A Coruña
tfns.:
677535526 / 677535699
<http://www.fgpesca.org>
federacion@fgpesca.org
V15141328



CAMPIONATO GALEGO OPEN MAR-COSTA DE PESCA DENDE ROCHA, CATEGORIA ABSOLUTA

O Campionato Galego Open Mar-Costa de Pesca dende rocha, Categoría Absoluta, está convocado pola Federación Galega de Pesca e Cástring, sendo responsable da súa organización a Delegación Provincial desta Federación en A Coruña, baixo a supervisión do Comité Técnico da especialidade.

Lugar e Data:

Desenvolverase en A Coruña/Dique Barrie

Na data do : **21-04-2015**

Por ser esta competición un Open os participantes terán que facer, para a súa inscrición, un ingreso de 20,00 €, na Cta. da F.G.P. nº **ES34-2080-0176-9630-4001-0672**, antes do día **17-04-2019**.

Segundo acordo Asembleario, os Clubs poden presentar mais de 5 participantes. A inscrición, unha vez todos os Clubs teñan os representantes correspondentes, farase tendo en conta a capacidade do escenario. Inscibiránse os representantes a maiores en función do número de tarxetas federativas de cada Club. O día 21-05-2015 comunicarse aos interesados cantos representantes a maiores foron admitidos por cada Club.

Este Campionato é clasificatorio para o Campionato de España da especialidade do ano 2020 . Clasificaranse os catro primeiros deportistas, aínda que non leva aparelado que a Federación Galega de Pesca e Casting asuma a totalidade dos gastos de participación dos deportistas clasificados.

BASES

Xurado: A súa composición farase pública na xuntanza para o sorteo dos postos.

Mangas: Desenvolverase en **duas mangas de tres horas** de duración cada unha. Tanto o inicio como o remate da manga será indicado con sinais acústicas.

A adxudicación dos distintos postos ós deportistas farase por sorteo.

Capturas: Os exemplares presentados á pesaxe ós que, polo menos lle falte un centímetro para acadar a talla mínima legal, contarán como penalización que será a equivalente ao peso deses exemplares.

Material Deportivo:

Canas: Nesta especialidade de Mar Costa autorízase ter unha cana en tarefa de pesca, podendo ter montadas, de reserva, outras máis.

A cana autorizada será dunha lonxitude máxima de cinco metros, con



Praza Agustín Díaz, 1 local 5
Complexo Deportivo Elviña
15008 A Coruña
tfns.:
677535526 / 677535699
<http://www.fgpesca.org>
federacion@fgpesca.org
V15141328



polo menos CATRO argolas na súa montaxe. Autorízase o uso de canas con argolas interiores.

Cebo: Libre.

Baixos de liña: Terán un máximo de 3 anzois e libre lonxitude das gametas.

Programa día 21-4-2019

08,30 horas: Concentración de tódolos participantes na Torre de Control.

10,00 horas: Inicio primeira manga.

13,00 horas: Fin da primeira manga.

13,30 horas: Avituallamento.

15,00 horas: Inicio segunda manga.

18,00 horas: Fin da segunda manga.

18,30 horas: Pesaxe e clasificación.

Normas de Desenvolvemento:

1º Ao sinal de fin da proba é obrigado o cese inmediato da acción de pesca. Nese intre é imperativo retirar o aparello da auga e que as canas deixen de estar en acción de pesca.

2ª Os Deportistas agardarán a retirada das súas capturas no seu posto.

3ª A pesaxe comezará media hora despois do sinal de fin de proba.

Art. 25.5 do Regulamento de competicións. Está totalmente prohibido botar calquer tipo de lixo ou vertedura contaminante ás augas ou ó entorno. Os deportistas deberán deixar o posto de pesca totalmente libre de lixo. A infracción a esta norma dará lugar á descualificación do deportista.

Queda terminantemente prohibido o consumo de tabaco no transcurso de tódalas competicións oficiais organizadas pola Federación Galega de Pesca e Casting, dende a entrada aos postos ata o final da proba, establecéndose as correspondentes sancións, se é o caso, para quen as incumpra.

Para outras disposicións non recollidas nas presentes bases, rexeráanse polas normas da Federación Española de Pesca e Casting da especialidade.

D. Gerardo Orol Castro
Presidente do Comité Mar Costa da F.G.P. e C.